De **Ferrol** a **Santiago**

DISTANCIA **113,4** Km

DIFICULTADE **BAIXA**

FERROL-NEDA	15,467 km
NEDA-PONTEDEUME	13, 204 km
PONTEDEUME-MIÑO	9,750 km
MIÑO-BETANZOS	10, 175 km
BETANZOS-PRESEDO	12,009 km
PRESEDO-BRUMA	11,496 km
BRUMA-POULO	9,881 km
POULO-SIGÜEIRO	15,238 km
SIGÜEIRO-SANTIAGO	16,000 km

O Camiño Inglés ten dous puntos de partida: os portos de Ferrol e da Coruña. Como botando a andar no da primeira destas cidades se percorren en total máis de 100 km ata a praza do Obradoiro -condición que fixa a Igrexa católica para obter a compostela na Oficina do Peregrino-, cousa que non sucede desde a segunda, Ferrol converteuse hoxe en día no punto de partida por excelencia do Camiño Inglés. Tamén ten a vantaxe de que ofrece unhas magníficas panorámicas sobre o Atlántico, aquí amansado ao entrar nas rías. Ambos os dous trazados únense na aldea das Travesas, en Carral. Ademais, hai que facer constar que malia ás etapas aquí indicadas hai peregrinos que prefiren facer nunha soa xornada o tramo de Pontedeume a Betanzos (19,925 km), o que separa Betanzos de Bruma (23,505 km) e o de Bruma a Sigüeiro (25,119 km). Así, en vez de sumar nove días para percorrer o Camiño Inglés, invisten só seis.

OS ALBERGUES

En **Ferrol** non existe albergue público polo de agora, aínda que hai un en construción. Si que o hai en **Neda**, moi preto da ribeira. Ofrece 28 prazas en dous dormitorios. Dispón de auga quente, calefacción central, cociña sen utensilios, lavadoiro e tendal.

Desde o ano 2010 en **Pontedeume** abre as súas portas un albergue público nas antigas lonxas do arcebispo Raxoi. O espazo distribúese en dous dormitorios, cun total de 20 prazas.

Miño. O seu enderezo é As Marismas s/n, ao pé dun castro e con magníficas vistas precisamente ás marismas. Dispón de dous dormitorios cun total de 22 prazas. Auga quente, calefacción, cociña.

Betanzos. Coñecido como Casa da Pescadería, na rúa que lle dá nome. Ten tres dormitorios, cun total de 35 prazas. Auga quente, calefacción.

Presedo. É un albergue municipal que se atopa ao lado do santuario da Nosa Señora da Saleta. Ten 16 prazas no seu único dormitorio.

Bruma. Albergue construído sobre unha edificación tradicional. Ofrece 22 prazas en tres dormitorios.

Poulo. É o albergue máis novo do Camiño Inglés, entre Bruma e Sigüeiro, e ocupa unha antiga reitoral de gran tamaño. Ten 42 prazas.

Ademais destes albergues oficiais, ao longo das dúas ramas do Camiño Inglés abren as súas portas establecementos privados de diversa categoría. Moitos deles ofrecen recoller ao peregrino para facer noite ao rematar a xornada e trasladalo ao mesmo punto ao día seguinte. Máis información na web www.caminoingles.gal.

Albergue de Presedo

AXENDA

Protección Civil: 112. **Urxencias Sanitarias:** 061
Garda Civil: 065. **Información do tempo:**
www.meteogalicia.gal

Oficina de Turismo de Ferrol e Atención ao Peregrino (Ferrol)
Paseo Mariña, 6. Tel.: 981 944 252

Oficina de Turismo (Ferrol)
Plaza de España s/n. Tel.: 981 944 251

Oficina de Turismo da Xunta de Galicia (Ferrol)
Plaza Camilo José Cela s/n. Tel.: 981 337 131

Oficina de Turismo de Pontedeume
Torreón de Andrade. Tel.: 981 430 270

Oficina de Turismo de Miño
Estrada Praia. Tel.: 607 803 569

Oficina de Turismo de Betanzos
Cantón San Roque, 4. Tel.: 981 776 666

Turismo de Santiago
Rúa Vilar, 63. Tel.: 981 555 129

Oficina de Turismo de Galicia (Santiago)
Mazarelos, 15. Tel.: 881 866 397

Non podes perder

Concatedral de San Xiao, en Ferrol. Co Camiño Inglés pasando moi preto.

Torreón de Andrade. Érguese no centro de Pontedeume. Alberga a oficina de turismo.

Igrexa de San Francisco, en Betanzos. Un excelente exemplar do escaso gótico galego.

Igrexa de San Paio de Buscás. No municipio de Ordes. De gran valor é a porta principal, románica.

Fonte da Santiña. No municipio de Oroso, e por certo con mesas e bancos para descansar.

Web:
www.caminoingles.gal
Grupo de Facebook:
Camino Inglés Oficial
Fan Page de Facebook:
Camino Inglés
Instagram:
@caminoinglesoficial

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Bosque Encantado, preto de Santiago

O percorrido desde Ferrol ten tres partes. Na primeira, o Camiño Inglés marcha practicamente pegado á costa, e as subidas e baixadas, aínda que existen coma en toda Galicia, son moi curtas. Na segunda, desde a cidade de Betanzos (que no pasado foi unha das capitais das sete provincias nas que se dividía a Comunidade) vaise subir sen apenas tramos descendentes durante longos quilómetros, pero a pendente é tan suave que constantemente se ven familias enteiras facendo o Camiño, nenos incluídos. E a terceira, desde As Travesas –e polo tanto común para todos os peregrinos, comecen na Coruña ou en Ferrol– é suavemente descendente ata chegar á meta, a catedral compostelá.

A destacar que a oferta de albergues públicos é moi ampla coa excepción de Sigüeiro, onde en troques si existe abundante oferta privada.

Unha descrición lixeira obriga a dicir que o Camiño Inglés parte do porto de Ferrol (onde abre as súas portas unha oficina de información) e percorre a cidade, saíndo polo barrio de Caranza totalmente pegado ao mar, que aquí se converteu na ría famosa polos seus estaleiros. De feito, o peregrino chega ata o fondo e crúzaa por unha ponte de orixe medieval, para pasar á outra ribeira e continuar a Neda.

Pontedeume é vila de orixe medieval, e desta época conserva numerosos exemplos. Tivo a sorte de que as construcións novas non invadiron para nada o seu pequeno casco histórico, convertido en centro da vida local.

Pontedeume

Algo similar sucede con Betanzos, pero mentres que Pontedeume se atopa pegada ao río Eume -que alí mesmo se entrega ao Atlántico-, esta ergueuse no alto dun outeiro escarpado, onde existira un castro prehistórico.

A partir de aí abandónase a costa e a paisaxe cambia. Agora fan acto de presenza prados e bosques, con eucaliptos convivindo coa árbore simbólica de Galicia por excelencia, o carballo. E con repoboacións de piñeiros que se apartan para deixar paso a un bonito bosque de ribeira antes de alcanzar a aldea das Carrás (final do municipio de Ordes).

San Caetano

Entre Sigüeiro e Santiago, que é a derradeira etapa do Camiño Inglés, destacan tres elementos. O primeiro é a ponte da Idade Media, de grandes dimensións e que salva o río Tambre; á súa entrada colocouse unha estatua na honra de Margery Kempe, a primeira peregrina inglesa da que se ten noticia. O segundo, o Bosque Encantado. E o terceiro, a igrexa de San Caetano.

Ferrol 01
Narón 02
Neda 03
Fene 04
Cabanas 05
Pontedeume 06
Miño 07
Paderne 08
Betanzos 09
Abegondo 10
A Coruña 11
Culleredo 12
Cambre 13
Carral 14
Mesía 15
Ordes 16
Oroso 17
Santiago de Compostela 18